

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS RÍO ANLLÓNS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Agrupación de mariscadoras río Anllóns o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Agrupación de mariscadoras Río Anllóns para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

1. Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: Facer accións de remoción tanto de xeito manual como por medios mecánicos estudando o estado do sedimento. Balizarase a superficie na que se actuará xeorreferenciando, ao final da xornada, a superficie que quede traballada.

1.2. Control de depredadores/competidores: Colocaranse dúas caceas de 10-20 nasas pechadas. As nasas colocaranse con carnada retirando os cangrexos e repoñendo a carnada. Os cangrexos será pesados e quedarán estabulados ata a súa venda ou destrución.

1.3. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos : As mariscadoras realizarán limpeza de algas e restos vexetais nos meses de primavera e verán. Os restos serán depositados en contedores para a súa destrución.



1.4. Rareos e traslados: Realizaranse traslados de semente antes da chegada das choivas. Empregaranse cribas para seleccionar os exemplares por tamaños. A realización desta acción e o número de xornadas de traballo, dependerá da presenza de recrutas e da súa abundancia no banco de orixe.

Diariamente se anotará o peso da semente trasladada e se tomarán as coordenadas das zonas de extracción e de sementeira.

2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: Realizaranse vixilancias diarias en todo o ámbito dos plans de xestión da entidade, faranse en grupos de 2 ou 3 mariscadoras que traballarán durante o horario da baixamar, percorrendo o ámbito de traballo por terra e, se é posible, na embarcación da agrupación.

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: As mariscadoras participarán, xunto co técnico da agrupación na recollida de mostrax de auga e moluscos para o seu envío ao INTECMAR; no seguimento das accións de acondicionamento e traslados e nas mostraxes poboacionais que se realicen como mínimo dúas veces ao ano, na primavera e no outono, e requiren un mínimo de 5 días por estación. O número de mariscadoras que participarán neste traballo, xunto ao técnico da agrupación, será de 1 ou 2.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades



pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

- Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
- O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 8 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Agrupación de mariscadoras Río Anllóns para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.
- O convenio asinouse o día 19 de xuño do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

